



ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación do proxecto de Ordenanza fiscal reguladora do prezo público polo servizo de transporte de estudantes, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse: a) No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1.; b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza; c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro; d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros; e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes).

En Vilasantar, a data da sinatura dixital

O Alcalde

Asdo. Fernando Javier Pérez Fernández